

Metalinguaxe da fraseoloxía chinesa¹

Metallanguage of Chinese Phraseology

Chunyi Lei

Universidad de Granada (España)

ORCID: 0000-0002-5914-4063

leichunyi@ugr.es

Resumo: Analizar a metalinguaxe das unidades fraseolóxicas chinesas é unha tarefa desafiante debido á diversidade de tipos que abrangue, para os cales as máis das definicións resultan insatisfactorias. Alén diso, a taxonomía destas unidades segue sendo motivo de controversia. O presente traballo propónse encarar o estudo da metalinguaxe do sistema fraseolóxico da lingua chinesa seguindo a taxonomía proposta por Sun Weizhang en 1989, quen ostenta un recoñecido prestixio e autoridade na materia. Após trazar brevemente a historia e o desenvolvemento dos estudos fraseolóxicos chineses, centrarémonos na análise da metalinguaxe. Especificamente, investigamos a orixe máis a definición do termo hiperónimo shuyu (熟语 [unidade fraseolóxica]), así como discutimos os seus hipónimos, que comprenden as chengyu (成语 [frases feitas]), as guanyongyu (惯用语 [expresións de uso común]), os xiehouyu (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes]), os yanyu (谚语 [proverbios]) e as geyan (格言 [máximas ou aforismos]). En todas estas subcategorías, ofrecemos definicións precisas, características distintivas e exemplos representativos. Ademais, desde unha perspectiva crítica, identificamos unha serie de problemas terminolóxicos na metalinguaxe da fraseoloxía chinesa e ilustramos cada caso con exemplos específicos.

Palabras clave: fraseoloxía, unidade fraseolóxica, metalinguaxe, lingua chinesa, taxonomía fraseolóxica.

Abstract: *Analyzing the metallanguage of Chinese phraseological units presents a significant challenge due to the wide range of types it encompasses, many of which defy satisfactory definitions. Additionally, the taxonomy of these units has been a subject of ongoing debate. This study endeavors to delve into the intricacies of the metallanguage within the Chinese*

¹ Data de recepción: 11.10.2023. Data de aceptación: 02.05.2024.

Tradución feita por Andrea Ucha Bouzada.

phraseological system, following the framework proposed by Sun Weizhang in 1989, renowned for its prestige and authority in the field. After briefly tracing the historical development of Chinese phraseological studies, our focus will shift towards a meticulous analysis of the metalanguage. Specifically, we have scrutinized the origin and definition of the overarching term shuyu (熟语 [phraseological unit]), and explored its subcategories, encompassing chengyu (成语 [idioms]), guanyongyu (惯用语 [commonly used expressions]), xiehouyu (歇后语 [two-part allegorical sayings]), yanyu (谚语 [proverbs]), and geyan (格言 [maxims or aphorisms]). For all these subcategories, we offer precise definitions, distinctive features, and representative examples. Additionally, from a critical perspective, we have identified several terminological issues in the metalanguage of Chinese phraseology, providing illustrative examples for each case.

Keywords: *phraseology, phraseological unit, metalanguage, Chinese language, phraseological taxonomy.*

1. Introducción

Ao igual ca en España, na China, o desenvolvemento do concepto teórico da fraseoloxía tivo lugar moito despois da recompilación destas unidades desde unha perspectiva máis ou menos intuitiva. Inicialmente, as ditas unidades agrupábanse baixo o confuso “paraugas” do hiperónimo *chengyu* (成语 [frases feitas]), competindo con outros termos xurdidos, como *suyu* (俗语 [ditos comúns]) (Lei 2017a: 75).

Existen precedentes bastante antigos desas recompilacións. De acordo con Fu Huaiqing (1996: 329), os primeiros traballos paremiolóxicos remóntanse á Dinastía Han Oriental (25 d. C.-220 d. C.), cando apareceu o *Tong su wen* (通俗文 [Expresións populares]) de Fu Qian (服虔). Dado que este traballo se perdeu, as primeiras monografías dispoñibles sobre paremioloxía datan da Dinastía Song (960-1279): o anónimo *Shi chang tan* (释常谈 [Explicacións de ditos comúns]) e o *Xu shi chang tan* (续释常谈 [Continuación das explicacións de ditos comúns]) de Gong Yizheng (龚颐正). Durante a Dinastía Ming (1328-1644), Shen Yang (杨慎) compilou o *Gu jin yan* (古今谚 [Proverbios antigos e modernos]) (Gianninoto 2013: 137–138).

Segundo Gianninoto (2013), a historia da fraseoloxía na China pódese dividir en catro fases: os estudos antigos, que abranguen desde os tempos pre-Qin (先秦) ata a Dinastía Qing (1644-1911); o período que vai desde o Movemento do Catro de Maio (五四运动, 1919) ata a fundación da República Popular da China, en 1949; o período entre 1949 e a Revolución Cultural; e finalmente, o Novo Período (新时期), que comezou en 1978 (Wen e Wen 2009, citado en Gianninoto 2013: 142).

Definir as unidades fraseolóxicas chinesas non é unha tarefa sinxela, dado que este concepto engloba numerosos tipos, para os cales a maioría das definicións resultan discutibles. De feito, existen múltiples definicións propostas por diversas persoas investigadoras e presentes en diferentes dicionarios, as cales, a miúdo, entran en contradición entre si (Lei 2017b: 27).

2. O termo *shuyu* (熟语 [unidade fraseolóxica])

A palabra que designa as unidades fraseolóxicas (*shuyu*, 熟语) é de aparición relativamente recente. Na lingüística chinesa tradicional, o termo *shuyu* (熟语) non se utilizaba. No seu lugar, xeralmente empregábanse diferentes termos máis hiponímicos para referirse ás unidades fraseolóxicas chinesas, entre os cales os máis coñecidos son *chengyu* (成语 [frases feitas]), *yanyu* (谚语 [proverbios]), *suyu* (俗语 [ditos comúns]), *xiehouyu* (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes]), *guanyongyu* (惯用语 [expresións de uso habitual]), *geyan* (格言[máximas ou aforismos]) e *xiyu* (习语[expresións idiomáticas]) (Gianninoto 2013: 138), entre outros. Foi tras a introdución do termo *shuyu* (熟语) que este foi amplamente aceptado pola comunidade académica chinesa e que se converteu no hiperónimo que abrangue todos os demais termos para unidades fraseolóxicas (Ma 1978: 80).

2.1. A súa orixe

Canto á orixe de *shuyu* (熟语), cómpre destacar as significativas contribucións de dous lingüistas: Hu Yushu (胡裕树) e Sun Weizhang (孙维张). Hu Yushu (1962) foi o primeiro en empregar o termo *shuyu* (熟语 [unidade fraseolóxica]) como hiperónimo na lingüística chinesa, o que marcou un punto de inflexión crucial nos estudos fraseolóxicos chineses, malia que nese momento aínda o consideraba parte do léxico. Sun Weizhang (1989) deu un paso máis alá, ao tratar *shuyu* como unha disciplina lingüística independente (*Shúyǔ xué*, 熟语学 [estudos fraseolóxicos]). A partir de entón, estableceuse o concepto mais a importancia de *shuyu* (Wu 2007: 43–46).

2.2. O seu significado e definición

Resulta importante sinalar que o termo chinés *shuyu* (熟语) non é completamente equivalente ao termo ruso *фраzeология*, no que se inspirou este autor, senón que presenta algunhas diferenzas significativas. A diferenza principal radica en que o primeiro (*shuyu*) se pode referir tanto a unha única unidade fraseolóxica como á totalidade delas, dependendo do contexto, mentres que o segundo se utiliza para denotar a totalidade de unidades fraseolóxicas ou o estudo de unidades fraseolóxicas, entre outros usos (Sun 1989: 1).

O termo *shuyu* (熟语) en si mesmo ten un significado específico. En primeiro lugar, de maneira literal, refírese a unha “linguaxe” (*yǔ*, 语) que constitúe unha unidade de linguaxe máis ampla ca unha palabra. Non obstante, pode funcionar de xeito independente como parte dunha oración. Desde este punto de vista, a súa función gramatical é similar á dunha palabra (Liu 1989: 2).

O termo *shuyu* (熟语) componse de dous significados: un é ‘familiarizado para o pobo’, é dicir, encóntrase profundamente arraigado na mente das persoas, lémbrese firmemente e utilízase de maneira habitual. O outro é ‘maduro’ (*shú*, 熟). Estas unidades representan a esencia da linguaxe e son o resultado dunha práctica lingüística a longo prazo.

Xa fose en termos de estrutura sintáctica, semántica ou gramatical, estas unidades “maduraron” e tornáronse fixas. Polo tanto, o uso do termo *shuyu* (熟语) como termo abrangente é preciso e razoable (Liu 1989: 2).

No que atingue á definición de *shuyu*, existen varias interpretacións diferentes, aínda que as máis delas comparten unha característica fundamental: a súa estrutura fixa. Segundo Liu Guanghe (1989), «un *shuyu*, en termos coloquiais, é unha expresión preexistente; en termos profesionais, é un sintagma fixo»². De acordo co 现代汉语词典 [Dicionario Contemporáneo Chinés] (Instituto de Lingüística 2012: 1207), *shuyu* é «un sintagma fixo que só se pode utilizar na súa totalidade, cuxos compoñentes non se poden modificar á vontade e que a miúdo tampouco se poden analizar conforme as regras xerais de formación de palabras»³. Dito doutro xeito, *shuyu* é un sintagma fixo que se emprega na súa totalidade, como unha unidade indivisible, sen permitir modificacións nos seus compoñentes nin a análise semántica das súas partes individuais. O dicionario chinés 辞海 (*Cihai* [Mar de palabras]) (Comité Editorial de Cihai 1979: 1572) defíneo como «[unha] frase ou [un] sintagma fixos na linguaxe. Polo xeral, a súa estrutura non se pode mudar á vontade cando se utiliza e, desde o punto de vista semántico, débese entender como un conxunto»⁴.

3. Taxonomía da fraseoloxía chinesa

Un dos principais desafíos para a investigación no campo da fraseoloxía é como clasificar de maneira lóxica e eficaz todas as unidades fraseolóxicas. Ao longo dos anos, a taxonomía das unidades fraseolóxicas chinesas foron motivo de controversia, especialmente no que respecta á terminoloxía relacionada coas subcategorías de *shuyu* [unidade fraseolóxica]. Ata o momento, a proposta máis recoñecida e popular probablemente sexa a presentada por Sun Weizhang en 1989. A continuación, presentamos a súa taxonomía.

En 1989, no seu libro *Hanyu shuyu xue* (汉语熟语学 [Fraseoloxía chinesa]), Sun Weizhang separa por primeira vez os *shuyu* [unidades fraseolóxicas] da lexicoloxía e trátaos de maneira independente como unha disciplina individual, seguindo o exemplo do que se fai nos outros países a partir de Vinogradov (1947).

Segundo Sun Weizhang (1989), os *shuyu* (熟语) divídense en dous grupos principais en función da súa estrutura gramatical: secuencias fixas e frases fixas. Non obstante, considérase que esta clasificación supón novos desafíos, xa que entra en conflito co coñecemento lingüístico tradicional acumulado ao longo do tempo. Isto evidénciase ao analizar algúns *shuyu* que terían que ser inseridos en distintas categorías se se aplicase o dito criterio; por exemplo:

² Texto orixinal chinés: 固定的词组，只能整个应用，不能随便变动其中成分，并且往往不能按照一般的构词法来分析。

³ Texto orixinal chinés: 语言中固定的词组或语句。使用时一般不能任意改变其组织，且必须从整体来理解语义。

- (a) *mò nì zhī jiāo*
莫逆之交
(Amizades que manteñen unha relación sólida e libre de conflitos entre elas)
'amigos íntimos'
- (b) *tài shān yā dǐng*
泰山压顶
(O Monte Tai ponse enriba da cabeza de alguén)
'sufrir unha gran tensión ou un golpe grave (mentalmente)'

Estes dous *chengyu* agrúpanse xuntos tradicionalmente por teren catro caracteres, pero consonte este criterio, xa non pertencían ao mesmo grupo, pois o primeiro considérase unha secuencia fixa e a segunda, en cambio, unha frase fixa.

Sun Weizhang (1989) introduce o criterio da función expresiva para a clasificación dos *shuyu*. Cada unidade de *shuyu* cumpre unha función específica no discurso, e esta función baséase en dous criterios: (1) función gramatical e (2) función retórica. A función gramatical refírese ao papel que desempeña nunha oración, así como ao seu estado e relación con outras estruturas dentro da oración. Por outro lado, a función retórica céntrase en como a unidade de *shuyu* contribúe a expresar unha idea na comunicación. Cabe sinalar que tanto os *shuyu* (熟语 [unidades fraseolóxicas]) como os *ci* (词 [palabras illadas]) comparten estas dúas funcións.

No caso das palabras illadas, estas abranguen diversas categorías con distintas propiedades gramaticais, funcións gramaticais, estruturas semánticas e funcións expresivas. Por exemplo, un substantivo cumpre a función de designación, mentres que un adxectivo se encarga da descrición. De xeito similar, os *shuyu* asumen diversas funcións; por exemplo:

- (a) *bù xiǎn shān bù xiǎn shuǐ*
不显山不显水
(Sen mostrar nin o monte nin a agua)
'actuar discretamente, ocultando os seus pensamentos para que outras persoas non os perciban facilmente'

Esta expresión emprégase para describir unha actitude prudente ao lidar con certos asuntos.

- (b) *bìng cóng kǒu rù*
病从口入
(A doenza entra pola boca)
'contraer unha doenza por vía oral debido a descoidos na alimentación e á inxesta de líquidos'

É unha expresión referida a unha experiencia de vida, recordándonos a importancia de lle prestar atención á hixiene alimentaria.

Cada *shuyu* ten a súa función para expresar certa idea ou sentimento. Segundo a función expresiva, Sun Weizhang (1989) divide os *shuyu* en dous grupos principais: os *shuyu* descritivos (*miáohuì xìng shúyǔ*, 描绘性熟语) e os *shuyu* explicativos (*biǎoshù xìng shúyǔ*, 表述性熟语).

Os *shuyu* descritivos engloban os tres tipos, que se coñecen tradicionalmente coas denominacións de *chengyu* (成语 [frases feitas]), de *guanyongyu* (惯用语 [expresións de uso habitual]) e de *xiehouyu* (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes]). Todos estes grupos comparten características comúns, como a capacidade de describir obxectivamente a imaxe e o estado de algo, así como expresar os sentimentos ou estados de ánimo do ser humano independentemente do seu número de caracteres. Por exemplo:

- (a) *luò tāng jī*
落汤鸡
(O polo que cae en agua quente)
'encontrarse atrapada/o baixo a chuvia e completamente enchoupada/o'
- (b) *qī zuǐ bā shé*
七嘴八舌
(Sete bocas e oito línguas)
'que todos/as falan a un tempo ou que expresan opinións diverxentes'

Estes dous *shuyu* describen a acción mais o estado de algo ou de alguén.

Pola contra, os *shuyu* explicativos comprenden dous tipos: *yanyu* (谚语 [proverbios]) e *geyan* (格言 [máximas ou aforismos]). Ambos contan con estas características: expresar a actitude e a opinión sobre obxectos ou sobre asuntos, especialmente aqueles que son complicados, e establecer a norma mais a razón segundo a cal os fenómenos obxectivos se producen, desenvolve e evolucionan. Por exemplo:

- (a) *Yǎn jiàn wéi shí, ěr tīng shì xū*
眼见为实，耳听是虚。
(O que os ollos ven é verdadeiro, o que as orellas oen pode ser falso)
«o que ves é certo, pero o que escoitas podería non selo» (Lei 2017b: 51).

Esta frase transmite un coñecemento ou experiencia subxectiva adquirida ao longo da vida (Sun 1989: 72).


- (b) *Bīng dòng sān chǐ fēi yī rì zhī hán.*
冰冻三尺非一日之寒。
(Un único día de frío non abonda para conxelar un río a tres *chi*⁴ de profundidade)
'cada situación fórmase e desenvólvese co tempo; cada asunto posúe os seus propios factores causais, potenciais e persistentes'

⁴ *Chi* (尺) é unha unidade de lonxitude no sistema de medidas chinés. 1 *chi* = 1/3 de metro.

Esta frase establece una regra que orienta as personas a xulgar as cousas correctamente e a abordarlas seguindo normas e valores (Sun 1989: 72).

En consecuencia, Sun Weizhang (1989), baseándose na función dos *shuyu* (熟语), divídeos en dous grupos principais, tal e como se amosa no seguinte esquema:

Figura 1. Taxonomía fraseolóxica chinesa proposta por Sun Weizhang (1989)



Grupo 1: *Shuyu* descriptivos (描绘性熟语), que comprenden *chengyu* (成语 [frases feitas]), *guanyong yu* (惯用语 [expresións de uso habitual]), *xiehouyu* (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes]);

Grupo 2: *Shuyu* explicativos (表述性熟语), que abranguen *yanyu* (谚语 [proverbios]) e *geyan* (格言 [máximas ou aforismos]).

O autor sostén que esta clasificación, na súa esencia, coincide coa clasificación tradicional, mantendo as mesmas denominacións, o que a fai mais facilmente aceptable. Alén diso, resulta bastante dinámica, xa que o límite entre os dous grupos principais e entre os subgrupos queda moi claro (Sun 1989: 73).

A continuación, examinamos as definicións de cada subcategoría:

Subcategoría 1: *chengyu* (成语 [frases feitas])

Poderíase afirmar que, a partir de Sun Weizhang, se acepta que o *chengyu* é simplemente unha subclase dentro dos *shuyu* e que é moi típico da lingua chinesa. Segundo este autor, o *chengyu* é unha forma lingüística amplamente coñecida e popular entre o pobo chinés, que sempre desempeñou un papel crucial no léxico. Conta cunha historia longa e cun

rico acervo e utilízase con frecuencia. Ademais, presenta características moi particulares tanto na súa forma como no seu contido. Os *chengyu* non só comparten as características comúns dos *shuyu* (como a fixación formal, a estabilidade semántica, a idiomaticidade mais a variación potencial, entre outras), senón que tamén posúe as súas propias peculiaridades fonéticas e gráficas. A maioría dos *chengyu* constan de catro caracteres (aínda que tamén existe unha pequena cantidade con máis). Á parte, moitos *chengyu* que antes tiñan máis caracteres reducíronse a catro debido á influencia da maior parte destas unidades (Sun 1989: 75-76).

Este autor estende a clasificación mediante a creación de subcategorías dentro das subclases mencionadas. Por exemplo, os *chengyu* (成语) subdivídense en tres tipos que se encontran máis en liña coa lingüística moderna occidental.

Sun Weizhang (1989: 161-168) identifica 3 tipos dependendo da súa función semántica.

Tipo A. Fraseoloxismos fusionados (融合性). Por exemplo:

dī sān xià sì
低三下四
(Baixo tres baixo catro)
'servil; humilde'

Este tipo resulta inanalizable internamente.

Tipo B. Fraseoloxismos integrais (综合性). Por exemplo:

jiāo tóu làn é
焦头烂额
(Cabeza queimada e fronte partida)
'duramente golpeado/a; nun tremendo apuro; en gran dificultade'

Este tipo presenta un solapamento entre o sentido literal e o metafórico.

Tipo C. Fraseoloxismos compositivos (组合性). Por exemplo:

bù qī ér yù
不期而遇
(Encontrar sen esperar)
'ter un encontro inesperado; encontrarse (con alguén) por casualidade'

Este tipo presenta un significado deducible da suma dos seus compoñentes.

Subcategoría 2: *guanyongyu* (惯用语 [expresións de uso habitual])

O *guanyongyu* é unha combinación estable de tres ou máis caracteres que funciona como un elemento oracional e cuxo significado non se deduce da suma dos significados dos seus compoñentes (Wu 2014: 56). Malia que moitos *guanyongyu* constan de tres caracteres, tamén poden ter máis, mesmo máis de dez (Sun 1989: 199).

Estas unidades pertencen ao grupo descritivo das unidades fraseolóxicas chinesas e adoitan describir ou definir obxectos, situacións, estados, características, personalidades, accións, comportamentos humanos etc. (Sun 1989: 197). Algunhas delas representan un obxecto e funcionan como un sintagma nominal, por exemplo: *lán lù hǔ* (拦路虎), que significa literalmente ‘tigre que bloquea o camiño’ e utilízase para referirse a un ‘grande obstáculo’ (Wu 2014: 56). Outras reflicten unha acción ou comportamento dunha persoa e funcionan a modo de sintagma verbal. Por exemplo, *pō lěng shuǐ* (泼冷水 [botar agua fría]) utilízase para expresar que se lle apaga o entusiasmo ou se desanima alguén. Aínda outras que proporcionan explicacións sobre unha situación, sobre unha cualidade ou sobre un estado, funcionando como un sintagma adxectivo. Por exemplo, *bēi bāofú* (背包袱 [levar ao lombo un fardo]) utilízase para expresar ‘ter un peso na conciencia; ter unha carga moral’.

Subcategoría 3: *xiehouyu* (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes])

O *xiehouyu* (歇后语) é un dito alegórico composto por dúas partes: a primeira describe algo de maneira metafórica, mentres que a segunda o expón de maneira explícita nun sentido literal. Esta forma de expresión é amplamente utilizada na linguaxe coloquial do pobo chinés (Wang 1983: 62–63). Os *xiehouyu* destacan no panorama das unidades fraseolóxicas chinesas dada a súa estrutura singular, pois sempre constan de dúas partes (Sun 1989: 244). En esencia, trátase dun xogo de palabras no que ambas as partes están estreitamente relacionadas e se combinan para expresar unha única idea (Wu 2014: 77).

En canto á relación entre esas súas dúas partes, os *xiehouyu* pódense clasificar en dúas categorías principais: os *xiehouyu* metafóricos (比喻式歇后语) e os *xiehouyu* de dobre sentido (双关式歇后语).

Tipo A: *xiehouyu* metafóricos

Os *xiehouyu* deste tipo empregan exemplos concretos, sinxelos e familiares para ilustrar conceptos abstractos e profundos. Polo xeral, compóñense de dúas partes: a primeira parte consiste nunha metáfora vívida que serve como base, mentres que a segunda parte expresa o seu significado real. A principal función da parte primeira é orientar a ou o oínte cara a unha conexión de ideas que permita visualizar e expresar de forma natural a imaxe semántica representada pola segunda parte, engadíndolle un matiz de humor e de sarcasmo á linguaxe. A relación interna entre ambas as partes resulta clara e directa (Jiang 2001: 67; Sun 1989: 289). Por exemplo:

Pō chūqù de shuǐ, shōu bù huí

泼出去的水——收不回

(A agua derramada non se pode recuperar)

‘o que está feito non se pode desfacer; xa está feito’

Neste caso, a relación entre as dúas partes é ilustrativa, posto que a segunda delas dedúcese directamente da primeira. Ao igual que a agua derramada, o que está feito non se pode recuperar, sendo este último o verdadeiro significado da unidade.

Tipo B: *xiehouyu* de dobre sentido

Verbo deste tipo de *xiehouyu*, a súa relación interna é indirecta, o que significa que o significado da segunda parte, deducido directamente da primeira, non se corresponde co verdadeiro sentido da unidade, senón que, máis ben, manifesta outro diferente (Sun 1989: 290; Wu 2014: 84). En xeral, a segunda parte posúe un dobre sentido, un literal e outro figurado. O seu significado real non se encontra no sentido literal, senón que implica unha mensaxe adicional ou unha referencia oculta (Gu 1990: 19). Este dobre sentido normalmente lógrase a través do emprego da polisemia ou da homofonía (Yip 2000: 247). Por exemplo:

Lǎoshǔ jìn fēngxiāng, liǎngtóu shòuqì

老鼠进风箱——两头受气

(Rato que entra no fol, sofre o aire por ambos os lados)

‘ser culpado/a por ambas as partes’

No sentido literal, isto refírese a que cando un rato entra nun fol, xa for porque o vento o empurra ou porque puxa del, o rato vai ser golpeado polo vento. Porén, na realidade, utilízase para describir unha persoa atrapada nun conflito entre dúas partes e maltratada por ambas, ou sexa, nunha situación incómoda. O dobre significado radica na palabra 气 (*qì*), que literalmente significa ‘aire’ ou ‘gas’, pero que neste contexto se pode entender como ‘sufrimento; humillación’ (Yip 2000: 247).

Como mencionamos anteriormente, segundo Sun Weizhang (1989), dentro das unidades fraseolóxicas chinesas, os *chengyu* (成语 [frases feitas]), xunto dos *guanyongyu* (惯用语 [expresións de uso habitual]) e dos *xiehouyu* (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes]), conforman o grupo de unidades descritivas, mentres que os *yanyu* (谚语 [proverbios]) e os *geyan* (格言 [máximas ou aforismos]) se clasifican como unidades explicativas. Estas unidades explicativas caracterízanse por ser enunciados completos *per se* e por funcionaren como unidades comunicativas mínimas (Sun 1989: 293). A continuación, examinaremos os *yanyu* mais os *geyan*.

Subcategoría 4: *yanyu* (谚语 [proverbios])

Os *yanyu* son frases breves e concisas que circulan de boca en boca entre a poboación e que acostuman empregar unha linguaxe coloquial debido á súa orixe popular. As máis destas expresións compóñense de frases breves ou rimadas, o que as volve facilmente comprensibles. O seu contido pode revelar as leis da natureza ou resumir as experiencias humanas. En xeral, resulta complicado rastrexarlles a orixe ata fonte orixinal, polo que non se sabe quen as creou. Trátase dunha entidade léxica autónoma que se diferencia doutras categorías de unidades fraseolóxicas (como os *chengyu* ou os *guanyongyu*) polo feito de non se presentaren como parte dunha oración, senón como oracións independentes (Sun 1989: 305–307; Wu 2014: 86). Por exemplo:

Cháng dào hé biān zǒu, nǎ yǒu bù shī xié?

常到河边走，哪有不湿鞋？

(Se camiñas pola beira do río a miúdo, como non se che van mollar os zapatos?)

‘Ao expoñerse constantemente a certos riscos ou situacións, é probable que ocorran consecuencias previsibles’

Esta expresión é amplamente coñecida e de fácil comprensión, pero ignórase a súa orixe. Utilízase con frecuencia entre a poboación.

Subcategoría 5: *geyan* (格言 [máximas ou aforismos])

A diferenza dos *yanyu*, os *geyan* son enunciados extraídos de textos escritos ou fragmentos da linguaxe oral atribuídos a un/ha personaxe ben real, ben ficticio/a, e cuxa orixe sempre se descoñece. Xa que logo, estes enunciados sitúanse nun nivel cultural máis elevado e empregan unha linguaxe escrita e culta, ás veces incluso clásica. Respecto do seu contido, adoitan aludir a temas significativos, coma o da cosmovisión, o da filosofía da vida, o dos principios de comportamento e o das normas éticas. As leccións e significados que transmiten acostuman ser profundos e procuran fomentar unha reflexión fonda por parte de quen os exploran (Sun 1989: 306–308; Wu 2014: 87). Por exemplo:

Sān rén xíng, bì yǒu wǒ shī.

三人行，必有我师。

(Cando tres persoas camiñan xuntas, sempre hai algo que se pode aprender)

‘Toda persoa ten algún mérito que nos falta, polo que debemos ser sempre humildes e permanecer dispostas e dispostos a aprender das e dos demais, sen importar a súa posición ou status social’

Esta frase alberga un profundo contido filosófico que alerta as persoas, contén verdades universais e actúa como guía. Así mesmo, a súa orixe é ben coñecida e atribúeselle a Confucio, encóntrase na súa obra clásica *Lunyu*. A expresión subliña a idea de que o coñecemento e a sabedoría non se restrinxen a unha única fonte, e que as experiencias e perspectivas doutras persoas nos poden enriquecer e contribuíren para o noso crecemento.

Diferenzas entre os *yanyu* (谚语 [proverbios]) e os *geyan* (格言 [máximas ou aforismos])

De acordo con Sun Weizhang (1989: 305), tanto os *yanyu* como os *geyan* comparten numerosas características, o que en ocasións dificulta establecer unha distinción clara entre eles. Con todo, presentan cadansúa serie de matices, os cales se traducen nos seguintes tres aspectos:

- (i) **Estilo:** o *yanyu* caracterízase polo seu estilo coloquial, sendo popular, fácil de comprender e vívido, mentres que o *geyan* se corresponde coa linguaxe escrita, o que lle outorga unha aparencia máis elegante, solemne e clásica (Sun 1989: 305–306).
- (ii) **Contido semántico:** o *yanyu* revela as regras dos fenómenos naturais ou resume as experiencias de comportamento e accións humanas. Por outro lado, os *geyan* adoitan apuntar para temas máis profundos, como son a concepción do mundo e da vida, as normas de conduta e a moralidade, entre outros (Sun 1989: 306–307; Wu 2014: 88).
- (iii) **Orixe:** o *yanyu* orixinouse, transmitiuse e institucionalizouse na linguaxe coloquial, o que provoca que sexa practicamente imposible identificar a súa verdadeira orixe. Pola contra, a maioría dos *geyan* encontran a súa orixe en textos antigos ou son frases explicativas derivadas dos anteditos textos, a miúdo pronunciadas por personalidades (Sun 1989: 307–308; Wu 2014: 89).

4. Problemas terminolóxicos da metalinguaxe da fraseoloxía chinesa

Kevin Henry (2016) realiza unha análise crítica das teorías metalingüísticas chinesas sobre os *chengyu*. Segundo el, este concepto, proveniente da antigüidade, resulta confuso, no sentido de que mestura criterios retóricos, prosódicos e estéticos con criterios funcionais. A partir da década de 1950, baixo a influencia da lingüística soviética, comezaron a xurdir intentos de reformar a metalinguaxe e a taxonomía chinesas na fraseoloxía, utilizando, por exemplo, o termo *shuyu* (熟语) como hiperónimo en que se aglutinan os tipos todos de fraseas, e *shuyu xue* (熟语学) para referirse á ciencia que os estuda (Henry 2016: 100). Esta tendencia continuou posteriormente e caracterizouse polo intento de describir e de definir os fraseas chineses mediante categorías funcionais como a idiomaticidade ou a fixación. A pesar diso, Henry (2016) sostén que aínda é necesaria unha revisión máis crítica destas taxonomías en xeral, e en particular, para aclarar o status dos *chengyu*, unha subclase importante da fraseoloxía chinesa.

4.1. O termo *chengyu*

En concordancia coa lingüística chinesa, os *chengyu*, polo normal, destacan por posuír catro sílabas, unha estrutura bimembre, paralelismos retóricos etc., criterios excesivamente literarios e de orixe prescritiva. Non obstante, o principal problema radica en que, desde un punto de vista funcional, algúns *chengyu* equivalen a locucións,

xa que funcionan como parte da oración; por exemplo: *bēi gōng shé yǐng* (杯弓蛇影) [tomando enganadamente o reflexo dun arco na cunca por unha serpe], ‘extremadamente receoso/a; alarmándose en van’ (Henry 2016: 100).

Secasí, tamén existen *chengyu* que equivalen a comparacións estereotipadas, pois utilízanse para magnificar un termo mediante unha comparación imaxinaria e metafórica; por exemplo: *duō rú niú máo* (多如牛毛 [tan numeroso coma os pelos dun boi/touro/vaca]), ‘incontable; innumerable’ (Henry 2016: 100).

Ademais, algúns *chengyu* utilízanse como proverbios e transmiten enunciados autónomos con sabedoría ou leccións de vida; por exemplo: *gū zhǎng nán míng* (孤掌难鸣) [é imposible aplaudir cunha man soa]), ‘un único home pouco pode facer; é difícil triunfar sen axuda’ (Henry 2016: 117).

Polo tanto, os *chengyu* conforman unha categoría transversal cuxa unidade se basea en criterios secundarios compatibles con calquera tipo de fraseoloxismo. Este termo podería xerar controversia no que concirne á súa clasificación.

4.2. Fronteiras confusas entre as cinco subcategorías fraseolóxicas

Segundo os criterios tradicionais da fraseoloxía chinesa, como os que se reflicten na taxonomía fraseolóxica proposta por Sun Weizhang (1989), as fronteiras entre as cinco subcategorías non están claramente definidas, como explicaremos a continuación:

- (1) Algúns *chengyu* (成语 [frases feitas]), pola súa forma, aínda funcionan como proverbios, xa que transmiten ensinanzas xerais, mentres que outros *chengyu* non revelan un carácter sentencioso e non equivalen a un proverbio. Aducíndomos un exemplo, o seguinte *chengyu* expresa unha verdade universal, ao igual ca un *yanyu* (谚语 [proverbio]):

rén dìng shèng tiān

人定胜天

(Seguro que o home pode vencer o ceo)

«O home pode conquistar a natureza» (Lei 2017a: 163).

- (2) Algúns *xiehouyu* (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes]), pola súa forma, tamén funcionan como proverbios a causa da súa función. Por exemplo:

Wú shì xiàn yīn qín, fēi jiān jí dào

无事献殷勤 — 非奸即盗

(Cando a alguén se lle dea por prodigar excesivas atencións sen motivo aparente, ou ben é unha persoa malvada, ou ben ladroa)

‘Cadaquén fai as cousas cunha determinada motivación o con certo obxectivo. Se unha persoa, de súpeto, trata outra con amabilidade excesiva ou inxustificada, seguramente é que agocha malas intencións’ (Lei 2017a: 163).

- (3) Outros *guanyongyu* 惯用语 (ditos de uso habitual)) tamén se poden clasificar como *chengyu*, a razón da súa estrutura métrico-fonolóxica. Por exemplo:

fēi tóu dà ěr

肥头大耳

(Cabeza gorda e orella grande)

«persoa gorda» (Wu 2014: 76).

Dadas as ambigüidades anteriormente sinaladas, xustifícase a necesidade de reformar ou de mudar a clasificación dos fraseoloxismos chineses utilizando outros criterios, especialmente se se pretender comparar a fraseoloxía chinesa coa doutras linguas. Para dispoñer dunha metalinguaxe que permita esta comparación, cómpre abandonar os criterios fonéticos, gráficos e artísticos, que, por natureza, non poden ser nunca universais nin compartidos sequera desde o punto de vista tipolóxico. Isto resulta fundamental á hora de analizar un fenómeno lingüístico cuxa esencia radica principalmente no gramatical e no semántico. En consecuencia, a descrición da fraseoloxía chinesa, desde a perspectiva da lingüística xeral e tipolóxica, require previamente dunhas categorías metalingüísticas que sexan, se non comúns, polo menos comparables.

5. Conclusións

Examinamos a metalinguaxe relacionada coa fraseoloxía chinesa, centrándonos principalmente na taxonomía proposta por Sun Weizhang (1989). En particular, comentamos tanto o seu hiperónimo *shuyu* (unidade fraseolóxica) como os seus hipónimos, entre os que se inclúen *chengyu* (成语 [frases feitas]), *guanyongyu* (惯用语 [expresións de uso común]), *xiehouyu* (歇后语 [ditos alegóricos de dúas partes]), *yanyu* (谚语 [proverbios]) e *geyan* (格言 [máximas ou aforismos]). Igualmente, proporcionamos definicións e exemplos para cada subcategoría. Esta taxonomía é amplamente recoñecida na China, mais cabe destacar que, nalgunhas ocasións, como é nas distincións entre os *yanyu* e os *geyan*, as diferenzas non resultan sempre evidentes.

A clasificación da fraseoloxía chinesa foi obxecto de controversia, especialmente no que respecta á terminoloxía relacionada coas subcategorías de *shuyu* (UF), o que conduciu a variacións na metalinguaxe en diferentes taxonomías. Partindo dunha postura crítica, identificamos unha serie de problemas terminolóxicos na metalinguaxe da fraseoloxía chinesa e ilustramos cada caso con exemplos específicos. Espérase que a taxonomía da fraseoloxía chinesa siga a evolucionar, o que facilitará a súa análise comparativa e a consolidará como ferramenta descritiva obxectiva.

En definitiva, o noso traballo representa una xanela aberta cara á metalinguaxe principal da fraseoloxía chinesa. A través del, buscamos simplificar o estudo do sistema fraseolóxico chinés, coa esperanza de que as nosas observacións contribúan ao progreso da investigación nese ámbito concreto e estimulen o interese por tal área científica en xeral.

Agradecementos

Agradezo de maneira especial e sincera a Antonio Pamies os seus valiosos comentarios, suxestións e correccións na preparación do presente artigo.

6. Referencias bibliográficas

- Comité Editorial de Cihai [中国社会科学院语言研究所] (Eds.) (1979). *辞海* [第七版] [*Mar de palabras*] (7.^a ed). 上海辞书出版社 [Editorial do Dicionario de Shanghai].
- Fu, H. Q. [符淮青] (1996). *汉语词汇学史* [*Historia da lexicoloxía do chinés*]. 安徽教育出版社 [Editorial Educativa de Anhui].
- Gianninotto, M. (2013). Chinese and Western works on Chinese Phraseology: A Historical Perspective. En J. Szerszunowicz (Ed.), *Research on Phraseology Across Continents, vol. 2* (pp. 155-166). University of Bialystok publishing house.
- Gu, Zh. Y. [谷正义] (1990). *歇后语趣谈* [*Divertidos comentarios dos xiehouyu*]. 百花文艺出版社 [Editorial Baihua de Literatura e Arte].
- Henry, K. (2016). Les chengyu du chinois: caractérisation de phrasèmes hors norme. *Yearbook of Phraseology*, 7, 99-126.
- Hu, Y. Sh. [胡裕树] ([1962] 1981). *现代汉语* [*Lingua chinesa moderna*]. 上海教育出版社 [Editorial Educativa de Shanghai].
- Instituto de Lingüística, Academia China de Ciencias Sociales [中国社会科学院语言研究所] (Eds.) (2012). *现代汉语词典* (第六版) [*Diccionario contemporáneo chinés*] (6.^a ed). 商务印书馆 [Prensa Comercial].
- Jiang, L. [蒋磊] (2001). 歇后语的分类与英译 [Taxonomía e tradución ao inglés dos xiehouyu]. *安阳师范学院学报* [*Revista da Universidade Normal de Anyang*], 1, 67-69.
- Lei, C. Y. (2017a). *Estudio Contrastivo Linguo-Cultural del Lenguaje Figurado en Español y en Chino: Nombres y Fraseologismos Zoonímicos y Fitonímicos*. [Tese doutoral, Universidad de Granada].
- Lei, C. Y. (2017b). *Teoría fraseológica y lenguaje figurado en España y en China*. Educatori.
- Liu, G. H. [刘广和] (1989). *熟语浅说* [*Introducción elemental á fraseoloxía*]. 中国物资出版社 [Editorial de Recursos Materiais da China].
- Ma, G. F. [马国凡] (1978). *成语* [chengyu chineses]. 内蒙古人民出版社 [Editorial da Vila de Mongolia Interior].
- Sun, W. Z. [孙维张] (1989). *汉语熟语学* [*Fraseoloxía chinesa*]. 吉林教育出版社 [Prensa Educativa de Jilin].
- Vinogradov, V. V. (1947). Об основных типах фразеологических единиц в русском языке [Sobre os principais tipos de unidades fraseolóxicas na lingua rusa]. En V. V. Vinogradov (Eds.), *Избранные труды. Лексикология и лексикография* [*Traballos seleccionados. Lexicoloxía e Lexicografía*] (pp. 140-162). Наука (Nauka).

- Wang, D. C. [王德春] (1983). *词汇学研究 [Estudo da lexicoloxía]*. 山东教育出版社 [Editorial Educativa de Shandong].
- Wen, S. B. e Wen, D. Z. [温朔彬 e 温端政] (2009). *汉语语汇研究史 [Historia da investigación do léxico chinés]*. 商务印书馆 [Prensa Comercial].
- Wu, F. (2014). *La fraseología en chino y en español: caracterización y clasificación de las unidades fraseológicas y simbología de los zoónimos un estudio contrastivo* [Tese doutoral, Universidad Autónoma de Madrid].
- Wu, Z. K. [武占坤] (2007). *汉语熟语通论 [Teoría xeral da fraseoloxía chinesa]*. 河北大学出版社 [Editorial da Universidade de Hebei].
- Yip, P. (2000). *The Chinese Lexicon. A Comprehensive Survey*. London: Routledge.